

<http://cedofeita.arcanaverba.org>

Un texto do século XII sobre a presenza do bispo Xelmírez en Lézrez

Xosé Abilleira Sanmartín

Presentamos traducido por primeira vez ao noso idioma un texto composto en latín a principios do século XII que narra a presenza do bispo Xelmírez na igrexa de Lézrez, onde asiste o domingo vintetrés de marzo de 1113 á celebración da consagración dos bispos de Mondoñedo e Porto. Este texto corresponde a boa parte do capítulo 82 do libro primeiro da coñecida como *Historia Compostellana*, e a el nos referiremos no sucesivo como *HC I, 82*.

En conxunto a obra ten, para o noso país, unha valía grandísima, así recoñecida, desde un punto de vista histórico e, igualmente, resulta unha peza clave para a historia da igrexa. O seu latín fascinante cheo de múltiples recursos estilísticos e diversas alusións á cultura clásica convértena nun marabilloso tesouro literario e lingüístico. Sumemos a estes atractivos xerais, a importancia maiúscula que para Lézrez ten o documento aquí exposto.

A *Historia compostellana*: dúas notas

A primeira vez que se publica completa esta obra é en 1765 no volume XX da *España Sagrada* de E. Flórez, co título de "Historia Compostellana sive de rebus gestis D. Didaci Gelmirez, primi Compostellani archiepiscopi". É dicir, "Historia Compostelá, ou das proezas de D. Diego Xelmírez, primeiro arcebispo de Compostela". A partir de aí é coñecida polo mencionado título.

Basicamente relata, en tres libros, os feitos de Xelmírez, nun primeiro momento como bispo (1100-1120), e logo como arcebispo ata a súa morte (1120-1140) en beneficio da igrexa de Santiago. É, polo tanto, un docu-

mento excepcional dunha parte da máis significativa etapa do esplendor medieval galego, a "era compostelá", e "do seu predominio político no conxunto cristián do occidente peninsular", en palabras de Anselmo López Carreira (*Historia Xeral de Galicia, A Nosa Terra Edicións, 1997, p.155*).

Esta obra, "complexa, crónica, apoloxía e memorial" (Francisco Carballo, *A Igrexa Galega, ANT, 1995, p. 55*), é produto dun encargo do propio Xelmírez a algúns dos seus máis íntimos colaboradores (Munio Afonso, Hugo, Xiraldo, Pedro) que van elaborar un "rexistro" -palabra que figura na obra de feitos e acontecementos acompañándoos de distintos materiais xustificativos. Se por ser composta a instancias de Xelmírez lle imprime un claro selo oficinesco, habitual nas igrexas da época, hai que destacar a circunstancia da contemporaneidade dos autores cos sucesos e asuntos narrados, así como a súa actuación e vivencias en gran parte deles.

Todas estas circunstancias, unidas a que "dous foron os vectores da vida de Xelmírez: a leal dedicación á Igrexa e santuario compostelán e a preocupación polo Reino de Galiza" (F.Carballo, *ibidem*), axudan a explicar ou entender a gran divulgación e recepción da obra, se temos en conta a súa transmisión manuscrita.

HC I, 82: Xelmírez en Lézrez.

Este capítulo, escrito ao parecer por Xiraldo, autor de orixe francesa, relata, como apuntamos antes, a celebración na igrexa de Lézrez da consagración como bispo de



Mondoñedo de Munio (ou Nuno) Afonso, cóengo e tesoureiro da igrexa de Santiago e autor de boa parte do primeiro libro da obra; e como bispo de Porto de Hugo, cóengo e arqui-diácono da igrexa de Santiago e autor do capítulo 15 do citado primeiro libro. Para esta celebración Xelmírez chegara a Lézrez o día anterior, que cadraba en sábado. A consagración fíxose un vintetrés de marzo de 1113, domingo de Paixón, a cargo de Mauricio, arcebispo de Braga, e contou coa asistencia de varios prelados e cóengos.

Tralo acto, Xelmírez dou unha volta pola súa

posesión en Guxilde, acompañado do bispo de Ourense, posesión que el "arrancara de mans laicas (...) desolada e abandonada por falta de labradores e cuberta totalmente por unha inmensa e espesa maleza, levando alí rapidamente os seus propios campesiños para cultivala" (HC I, 22). O luns voltaría a Compostela.

Para enmarcar o texto que imos dar traducido a partir da edición crítica de Emma Falque Rey no *Corpus Christianorum (Continuatio Mediaevalis LXX)*, Turnhout, 1988, débese saber que tanto Munio Afonso como Hugo ían nun principio ser consagrados en Tui, para o cal o arcebispo bracarense Mauricio rogara a Xelmírez a súa asistencia pola grande amizade que lles tiña. Pero isto non aconteceu debido, segundo se indica, pola dureza da estación invernal ou polos conflitos señoriais entre distintos sectores trala morte en 1107 de Reimunde

de Borgoña, conde de Galiza: un, que representa á maioría da nobreza galega, que aposta por Afonso Reimundez, fillo de Reimunde; outro minoritario, aliado co bando foráneo ao fronte do que se atopa Alfonso "el Batallador", rei de Aragón, que apoia a dona Urraca, nai de Afonso Reimundez; e o sector do alto clero, liderado por Xelmírez, que se sitúa no medio xogando a todas as bandas, aínda que en 1111 el e Pedro Froilaz, o Conde de Traba, un dos dirixentes máis destacados da nosa nobreza, coroan a Afonso Reimundez como Afonso V rei de Galiza.

<http://cedofeita.arcanaverba.org>
Tendo en conta estas situacións, o texto di o seguinte:

" LXXXII. Sobre a ordenación dos mencionados electos.

1...Pero o referido bispo de ningún xeito foi capaz de ir ao lugar determinado, xa porque aquel resultara un inverno máis crúo do normal, xa porque cría que toda Galiza se atopaba turbada polo tumulto da discordia e tiña medo de que no camiño os rebeldes e traidores de Galiza tivesen a ousadía de causaren molestias ou desacougos a el e aos seus. Por iso, enviou alí xunto cos electos mencionados a algúns dos cóengos seus, abofé que persoas egrexias e venerabeis, para que os acompañasen con todos os honores e lle fixesen saber polo miúdo ao arcebispo a causa da súa ausencia. Pero o arcebispo, coñecida a ausencia do pontífice polas referidas causas, achegándose máis, non tivo inconvinte en vir ata igrexa de Lárez, que é da diócese de Santiago, e enviou legados ao pontífice para que a súa benignidade non rexeitase estar presente na futura consagración, sobre todo despois de terse el aproximado ata a igrexa de Lárez desde a sé de Braga por medio de escarpados montes e profundos vales, crebado e debilitado pola dor dunha longa enfermidade que padecera, e desexando con todo o afecto do corazón velo para tratar mellor con el da desaparición da discordia, da restauración da paz e da tranquilidade das igrexas. Pois, cando se iniciara a discordia, había xa ben tempo, os pontífices non ousaban xuntarse e celebrar sínodos, nin sequera visitar as súas propias dióceses con seguridade, e se se atrevían a isto, os traidores, os criminais, os perxuros e outros bandidos do tirano Aragonés, o que de ningunha maneira é merecedor de relato, botaríanlles as mans, se lles fose posíbel, aos ministros de Cristo. Mais mentres tanto, o venerábel bispo da sé apostólica, cando se

enteirou de que se atopaba máis cerca o seu irmán o arcebispo de Braga, fixo caso do consello dos seus cóengos sobre este asunto, colleu camiño e chegou finalmente á igrexa de Lárez, feito polo que se alegrou moitísimo o arcebispo.

2. No mesmo día, é dicir, no sábado antes do domingo da Paixón do Señor, cando o bispo de Santiago entrou en Lárez, o arcebispo celebrou misa e ascendeu ao arquidiácono don Hugo ao grao de presbítero. Ao día seguinte, o domingo de Paixón do Señor, xuntáronse os cóengos de Santiago na igrexa de Lárez co mencionado bispo, pai dos cóengos e cóengo, o arcebispo de Braga, o bispo de Ourense e o de Tui, o electo de Mondoñedo e o de Porto. Todos estes eran cóengos da igrexa do apóstolo Santiago, e tamén outros venerábeis coéngos. ¡Ah! ¡Con canta e que reverencial luz dos cóengos de Santiago resplandeceu a igrexa de Lárez, que aquel día chegou a ser tan memorábel! Despois o arcebispo celebrou solemnemente a misa e, en presenza destes bispos aos que temos feito referencia anteriormente, consagrou aos electos, unha vez reunidas probas suficientes de todo o relativo a este asunto. Celebrada a misa, o bispo da sé apostólica dirixiuse a un terreo seu, Guxilde, sito nun ameno val xunto a Lárez, en compañía do prelado de Ourense. E na igrexa de Lárez dispuxo que fose ben atendido o arcebispo xunto con ambos bispos elevados á dignidade do episcopado e outros aos que apreciaba, xa que el mesmo era perfectamente sabedor de que "Deus ama a quen con ledicia dá". Naquel mesmo día, reflexionando longo tempo o arcebispo e o bispo de Santiago, trataron do pacto de paz, dos intereses das igrexas e do que pertencía á diócese de Ourense ou á de Tui, sobre o cal non existía acordo entre os bispos dunha e outra sé.

3. Ao outro día o bispo de Santiago non adiou o seu retorno a Compostela e con el foron os bispos de Ourense, Mondoñedo e Porto".